



**UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Servicio de Alumnado  
Sección de Títulos

Pavillón Estudiantil  
Campus universitario sur  
15706 Santiago de Compostela

## **PROCEDIMIENTO DE EXPEDICIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS**

### **NORMAS PRELIMINARES**

A lei 11/83 do 25 de agosto reconece ós rectores a competencia para que, no nome do Rei, expidan os títulos universitarios que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

A expedición destes títulos por parte das universidades supuxo a implantación dun novo procedemento de expedición regulado polo Real decreto 1496/1987 do 6 de novembro (BOE do 14 de decembro), pola Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13), modificada pola Orde do 24 de decembro de 1988 (BOE do 7 de xaneiro de 1989), pola Resolución da Secretaría do Estado de Universidades e Investigación do 26 de xuño de 1989 (BOE do 18 de xullo) e para a expedición dos títulos de Doutor, polo Real decreto 778/1998 do 30 de abril (BOE do 1 de maio) que deroga parcialmente o R.D. 185/1989 e que entrará en vigor na súa totalidade o día 1 de outubro de 1999 para a Universidade de Santiago de Compostela.

Dúas son as características máis salientables do novo procedemento, amais da propia expedición do título pola universidade. A primeira é a creación dos Rexistros Nacional e Universitario de Títulos que outorgarán senllas claves de autenticidade ós títulos e que figurarán tanto no anverso coma no reverso dos mesmos.

A segunda característica é o control que exerce o Rexistro Nacional de Títulos sobre os títulos que as universidades expidan, centrándose principalmente na comprobación de que o título que vai expedir a universidade se obtivo trala superación dun plano de estudos aprobado polo Ministerio de Educación e Cultura ou homologado polo Consello de Universidades, e que o centro que dispensou as ditas ensinanzas está establecido legalmente. De non resultar positivas ámbalas comprobacións non procederá a asignación do Número de Rexistro Nacional e en consecuencia non poderá expedirse o título.

A presente Resolución ven implantar na universidade de Santiago de Compostela o novo procedemento a seguir na expedición dos títulos oficiais, tratando de abranguer tódolos extremos procedementais, dende a iniciación do



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servicio de Alumnado  
Sección de Títulos

Pavillón Estudiantil  
Campus universitario sur  
15706 Santiago de Compostela

expediente ata a entrega do título ó interesado, así como o procedemento especial para a expedición de duplicados.

Por outra banda inclúese a regulación da **certificación do pagamento dos dereitos** de expedición do título por ser unha parte importante do proceso de expedición, da que a Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, co obxecto de favorecer a súa eficacia perante a Administración e Colexios Profesionais, fixo público un modelo único para tódalas universidades mediante Resolución do 8 de xullo de 1989.

## **PRIMEIRO.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

A expedición de títulos universitarios oficiais con validez en todo o territorio nacional por parte da universidade de Santiago de Compostela, poderá ser solicitada polos alumnos que, unha vez cursados e superados os estudos incluídos nun plano de estudos, realizaran o último trámite para a obtención do título nesta universidade a partir da convocatoria de febreiro de 1988.

## **SEGUNDO.- PROCEDEMENTO**

O procedemento para a expedición dos títulos a que se refire o apartado anterior regularase pola normativa vixente e pola presente resolución.

## **TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE EXPEDICIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS DE PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO CICLOS**

### **3.1.- INICIACIÓN E DOCUMENTOS**

Os trámites para a expedición do título orixinal iniciaranse a solicitude do alumno, na UXA onde se atope o seu expediente adacémico ou na Sección do Terceiro Ciclo se se trata dun título de doutoramento.



Poderá ser solicitado por representante, debendo ser acreditada tal representación mediante documento público ou privado, conforme o art. 32 da L.R X.

Feita a comprobación polo funcionario a quen corresponda, que o interesado superou os estudos previos, e de que se pode promover-la tramitación da expedición do título, procederá:

- a) Emitir o abono dos dereitos da expedición, que asinará o interesado ou persoa que o represente.
- b) O interesado ou representante fará efectivo o pagamento dos dereitos.
- c) Entregará na UXA ou no Terceiro Ciclo o xustificante do pagamento acompañando fotocopia do D.N.I. ou pasaporte se non posúise nacionalidade española.
- d) No caso de que os trámites sexan realizados por representante entregará amais da copia do D.N.I. do alumno a súa propia.
- e) O funcionario devolveralle ó alumno ou representante, un exemplar do xustificante bancario, selado, que lle servirá como resguardo acreditativo do trámite do depósito do título.

No suposto de que xurdan dúbidas sobre a veracidade dos datos persoais do solicitante, producidos por cambio de nacionalidade, nome e outras circunstancias que non obren no expediente do alumno, o xefe da UXA ou da Sección do Terceiro Ciclo, requeriralle a presentación da certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil ou certificación do Rexistro Central no seu caso.

### **3.2.- LICENCIADOS EN FARMACIA**

En cumprimento da Resolución do 18 de novembro de 1996, da



Secretaría de Estado de Universidades, deberán imprimirse no reverso dos títulos de Licenciados en Farmacia, as estancias (prácticas de formación tuteladas), nunha oficina de Farmacia, esixidas pola Directiva 85/432/CEE.

Nos expedientes dos alumnos que realizaran as prácticas tuteladas gravarase unha **L** nun dos campos determinados para circunstancias especiais. Así mesmo noutro campo informático farase constar a data de finalización das devanditas prácticas que será a que conste na acta correspondente.

No reverso de cada título constará que o alumno realizou as prácticas tuteladas e a data de superación das mesmas.

### 3.3.- GRADUADOS SOCIAIS

Por Real decreto 1457/1989 do 1 de decembro, faise o traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de ensino de Graduado Social.

Os estudos de Graduados Sociais son incorporados á Universidade de Santiago de Compostela por Decreto 241/1991 do 4 de xullo e na súa Disposición Transitoria establece que a Universidade de Santiago expedirá a titulación de Graduado Social a tódolos alumnos que remataron estes estudos a partir da entrada en vigor do R.D. 1457/1989 do 1 de decembro (29 de decembro de 1989).

Polo tanto é competencia do Ministerio de Traballo a expedición dos títulos ós alumnos de Graduado Social que remataron os estudos con anterioridade ó 29 de decembro de 1989, e seguiranse tramitando a este Ministerio a través da UXA que corresponda..



## **CUARTO.- EXPEDIENTE DOS TÍTULOS DE DOUTOR**

En tanto non se informatice o proceso de tramitación de títulos de Doutor á Unidade de Títulos, seguiranse tramitando segundo a resolución rectoral do 23 de abril de 1990.

### **4.1.- DOUTORADO EUROPEO**

O Doutorado Europeo implantouse na Universidade de Santiago de Compostela por Acordo da Xunta de Goberno do 17-11-94 e os requisitos para a súa obtención establécense na Resolución Rectoral do 9 de febreiro de 1995.

Ós alumnos que obtiveran o Doutorado Europeo expediráselles a certificación do pagamento dos dereitos do título de Doutor facendo constar tal circunstancia.

As certificacións levarán impreso o selo da Unión Europea

O expediente de Doutor Europeo tramitarase á Sección de Títulos coma os demais títulos de doutor coa salvedade de que se fará constar na certificación tal extremo e o número de expediente da carpetiña rematará nas dúas últimas cifras en DE.

O Diploma de Doutor Europeo levará tres firmas: a firma do rector que será impresa, e a firma do secretario da Comisión de Doutoramento e a firma do interesado, que serán autógrafas.

A expedición do Diploma de Doutor Europeo será simultánea á expedición do correspondente título Oficial de Doutor e serán remitidos conxuntamente ó Terceiro Ciclo.

A xefa da Sección do Terceiro Ciclo recabará a firma do secretario da Comisión de Doutoramento antes de ser entregados os títulos ós interesados.



## **QUINTO.- PAGAMENTO DOS DEREITOS**

### **5.1.- EXENCIÓNS DO PAGAMENTO DOS DEREITOS**

Conforme o disposto no apartado quinto da Orde Ministerial do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13), estarán exentos do pagamento de dereitos por expedición de títulos universitarios oficiais, os alumnos que se atopen nalgunha das situacións seguintes:

- a) Os que obteñan Premio Extraordinario

Se a obtención do Premio Extraordinario se producira con posterioridade ó abono dos dereitos de expedición, procederase á devolución do importe previa solicitude do interesado

- b) Os beneficiarios de familia numerosa de segunda categoría e de honra,
- c) Os beneficiarios de familia numerosa de primeira categoría aboarán o 50% dos dereitos de expedición.

### **5.2.- CERTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS DEREITOS**

5.2.1.- Efectuado o pagamento dos dereitos polo alumno e verificados en tódolos seus extremos os datos referidos á superación dun plano de estudos, procederase a expedir a certificación do pagamento dos dereitos de expedición de títulos á que se refire a disposición adicional da O.M. do 8 de xullo de 1988, que asignarán o secretario xeral da Universidade e o xefe da UXA correspondente ou do Terceiro Ciclo.

5.2.2.- A expedición da certificación do pagamento dos dereitos realizarase dentro do prazo de 10 días que comenzarán a contar a partir do día seguinte á data da entrega do resguardo do pagamento dos dereitos. En todo caso



a data da certificación será a da acreditación do pagamento na Unidade correspondente e será considerada como data de expedición do título.

5.2.3.- A certificación do pagamento dos dereitos deberá conter tódolos datos sustanciais do título e, en todo caso, as causas legais que puideran limitar os seus efectos:

- Os xefes das UXA e a xefa da Sección do Terceiro Ciclo, incluírán nas certificacións que se expidan a cidadáns estranxeiros, agás os nacionais da Unión Europea e de Andorra, a dilixencia que figura no anexo I.
- Tamén se incluírá dilixencia de invalidación, na certificación do pagamento dos dereitos cando o depósito do título sexa solicitado por un familiar, no suposto de falecemento do titulado (anexo II)

5.2.4.- A certificación á que se refire o presente apartado, terán a consideración de documento único para tódolos efectos, e expedirase de oficio sen devengar precio algún.

5.2.5.- No suposto de extravío do orixinal da certificación do pagamento dos dereitos, o interesado poderá solicita-la expedición dun duplicado debendo aboar neste suposto os precios establecidos para o libramento das certificacións. Neste caso farase constar no dito documento a dilixencia de que se expide duplicado por extravío do orixinal.

5.2.6.- A certificación do pagamento dos dereitos axustarase ó modelo establecido na Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación do 26 de xuño de 1989 (modelo anexo III).

5.2.7.- A **Certificación do Pagamento dos Dereitos** soamente poderá ser retirada polo interesado ou, mediante autorización expresa deste, polo seu representante (art. 32 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

No caso de que o interesado resida en localidade distinta da Universidade, poderá solicitar por escrito que lle sexa remitida a devandita certificación ó seu lugar de residencia. Neste caso seralle remitida ó seu domicilio polo xefe da unidade correspondente e mediante acuse de recibo.



## **SEXTO.- TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES Á UNIDADE DE TÍTULOS**

Os xefes das UXA remitirán **mensualmente**, á unidade de títulos un listado numerado, firmado e selado, contendo os datos dos alumnos que teñan efectuado o depósito do título.

A xefa da Sección do Terceiro Ciclo remitirá **trimestralmente** os expedientes de depósitos xenerados, mediante carpetiñas codificadas manualmente que soportarán a solicitude do interesado, fotocopia do DNI e Certificación acreditativa dos datos persoais e académicos.

Nos expedientes académicos, que permanecerán nas UXA correspondentes ou no Terceiro Ciclo, quedará constancia da tramitación dos depósitos de títulos.

Os expedientes tramitados polas UXA, amais dos datos do alumno, conterán un número de expediente que será coincidente co número de Rexistro Universitario, o cal se xenerará de maneira secuencial seguido das dúas últimas cifras do ano.

## **SÉPTIMO.- RECEPCIÓN NA UNIDADE DE TITULOS**

Recibida a proposta de títulos a expedir, a unidade de títulos procederá a emitir o listado definitivo e o soporte informático, que remitirá ó servizo de títulos do Ministerio de Educación e Cultura na forma regulamentariamente establecida, co Vº e praxe do rector ou persoa en quen delegue, solicitando asignación do número de Rexistro Nacional que a cada título corresponda.

## **OITAVO.- REPARACIÓN DE ERROS**

No suposto de que por parte do Rexistro Nacional de Títulos non se asigne número a algún expediente, por detectarse erros na súa gravación, a Unidade de Títulos comunicaráo ó xefe da UXA e tamén ó responsable do



mantemento do programa informático para que se proceda a subsanar o erro e á súa inclusión nun sucesivo listado.

No caso dos expedientes de doutoramento os erros subsanaranse na Sección de Títulos, verificando os datos coa Sección do Terceiro Ciclo.

### **NOVENO.- IMPRESIÓN DOS TÍTULOS E REMISIÓN ÁS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA E TERCEIRO CICLO**

Recibidos na Sección de Títulos os expedientes coa asignación do Número de Rexistro Nacional polo Ministerio de Educación e Cultura, procederase á impresión dos títulos e á remisión dos mesmos á UXA correspondente ou á Sección do Terceiro Ciclo, para a súa entrega ós interesados.

A Unidade de Títulos emitirá un Libro de Rexistro por cada lote de títulos expedidos e outro Libro de Rexistro de títulos expedidos anualmente, contendo tódolos datos incluída a clave da cartulina soporte de cada título.

### **DÉCIMO.- RECEPCIÓN DOS TÍTULOS NAS UXA**

Recibidos os títulos nas Unidades de Xestión Académica procederase a realiza-las seguintes operacións:

- a) Recepcionar os títulos polo procedemento informático.
- b) Escrito dirixido ó interesado comunicando que o seu título está dispoñible para serlle entregado e así mesmo informando dos requisitos da entrega, conforme ó art. 6º da Orde Ministerial do 8 de xullo de 1988.
- c) A recepción dos títulos no Terceiro Ciclo así coma a súa entrega ós interesados, en tanto non estea o procedemento informatizado, seguirase facendo polo procedemento actual, medianate asentamento manual no Libro Rexistro de Entrega de Títulos.



## **UNDÉCIMO.- ENTREGA Ó INTERESADO**

1º O título deberá ser retirado persoalmente polo interesado na UXA na que solicitou a expedición, ou na Sección do Terceiro Ciclo no caso dos títulos de doutor, debendo acreditar en todo caso a súa identidade mediante presentación do DNI ou pasaporte.

O interesado deberá asinar o documneto acreditativo da recepción, no momento da entrega do título, que quedará arquivado no expediente do alumno. Así mesmo o interesado asinará o título no momento da entrega, en presenza do funcionario.

2º No suposto de que non lle fora posible facelo persoalmente, o interesado poderá autorizar a outra persoa , sempre mediante poder notarial, para que o retire no seu nome. Dito poder notarial arquivarase no expediente do alumno no caso de ser específico ou unha copia cotexada no caso de tratarse dunha autorización notarial xenérica.

3º Os interesados que residan en localidade distinta do centro no que realizaron os seus estudos, poderán solicitar mediante instancia dirixida ó rector, a remisión do título á Dirección Provincial de Educación, Oficina de Educación ou Oficina Consular máis próxima ó seu lugar de residencia.

O persoal da Universidade de Santiago de Compostela vencellado ó Campus de Lugo, pode solicitar á correspondente UXA de Santiago ou Terceiro Ciclo, no seu caso, que lle sexa remitido o título á Vicexerencia de Lugo, xa que se pode considerar que é unha oficina de educación e polo tanto, con capacidade para a entrega de títulos ós interesados.

Sempre no caso de que un título sexa remitido ó lugar de residencia do interesado, este deberá firmar un recibín (anexo IV), na oficina responsable da entrega do título que posteriormente será remitido por dita oficina á UXA ou Sección do Terceiro Ciclo según corresponda.

4º No caso de falecemento do interesado, a instancia dos parentes máis próximos e mediante acreditación da parentela e certificado de defunción, acordarase polo rector a procedencia da entrega do título ós mesmos.



Cando o título deba ser entregado a familiar do falecido e estivera xa depositado na UXA ou no Terceiro Ciclo, deberá ser devolto á Sección de Títulos para a inserción da mención legal procedente e igualmente comunicar ó Ministerio de Educación e Cultura tal circunstancia.

## **DUODÉCIMO.- PROCEDIMIENTO PARA A EXPEDICIÓN DE DUPLICADOS**

### **12.1.- EXPEDICIÓN DE DUPLICADOS**

Procederá a expedición de duplicados, previa anulación do título orixinal, no suposto de que se produzan alteracións derivadas de cambio de nome, de nacionalidade ou de calquera outra que afecte ó contido dun título e deban reflexarse no texto.

Así mesmo procederase á expedición de duplicados nos supostos de extravío, destrucción ou deterioro dun título.

O procedemento para a expedición de duplicados iniciárase de oficio cando a causa sexa imputable á administración e a instancia do interesado cando a causa lle sexa imputable ó mesmo. Nestes supostos, a instrucción iniciárase na UXA ou no Terceiro Ciclo según a titulación de que se trate.

A solicitude de duplicado debe acompañar o título orixinal salvo no caso de extravío ou deterioro total.

Se a causa do duplicado é imputable ó interesado, este aboará os dereitos de reimpresión do mesmo.

### **12.2.- DUPLICACIÓN POR EXTRAVÍO DO TÍTULO**

1º No suposto de extravío do título o xefe da UXA ou do Terceiro Ciclo no seu caso, promoverá a publicación dun anuncio no BOE, firmado polo Secretario Xeral, que será por conta do interesado



cando as causas do extravío lle fosen imputables a este, ou ben por conta da Administración cando as causas do extravío lle fosen imputables á propia Universidade.

2º Nestes supostos, no expediente de duplicación incluírase unha fotocopia do anuncio, debéndose remitir á unidade de títulos a solicitude de expedición de duplicado, unha vez transcorridos trinta días a partir da data de publicación.

### **DÉCIMO TERCEIRO.- TRAMITACIÓN DE DUPLICADOS Á UNIDADE DE TÍTULOS**

Terán Carácter de duplicados amais dos producidos por extravío:

1º) Calquera erro material que se producira no título, xa sexa data de nacemento, lugar, titulación, etc. Sempre que o interesado tivera retirado o título da unidade.

2º) Os cambios de nome, apelido ou nacionalidade.

3º) Destrución ou deterioro do título.

Todas estas circunstancias conlevan dilixencia no anverso do título.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

**Primeira.-** Os expedientes para a expedición de títulos dos alumnos que realizaran o último acto conducente á obtención dos mesmos na convocatoria de febreiro de 1988 ou anteriores, deberán remitirse para a súa expedición ó Ministerio de Educación e Cultura. Así mesmo deberán remitirse ó Ministerio de Educación e Cultura os expedientes de duplicación que por calquera causa afecten ós devanditos títulos e mesmo por circunstancia de falecemento.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servicio de Alumnado  
Sección de Títulos  
Pavillón Estudiantil  
Campus universitario sur  
15706 Santiago de Compostela

**Segunda.-** Os títulos dos que a expedición sexa competencia do Ministerio de Educación e Cultura devengarán os dereitos que para tales efectos estableza o Ministerio, debendo ser liquidados mediante Papel de Pagamentos ó Estado.

## DISPOSICIÓN FINAIS

**Primeira.-** Quedan derogadas todas as anteriores instrucións e RR sobre expedición de títulos pola Universidade de Santiago, en todo o que se opoña á presente Resolución.

**Segunda.-** A presente Resolución surtirá efectos a partir do día seguinte á data do rexistro de saída do Rexistro Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 1999

O RECTOR,

DARÍO VILLANUEVA PRIETO

EXCMO. SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA. ILMO. SR. SECRETARIO XERAL. SRES. DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO. SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA. SRA. XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO. SR. DIRECTOR DO COIE. SR. DIRECTOR DO SEIN. SRES. XEFES DAS UXA. SRA. XEFA DA SECCIÓN DO TERCEIRO CICLO.



**ANEXO I**

Para poder exercer profesionalmente en España, o posuidor do presente título deberá cumprir as condicións establecidas na Ley orgánica 7/1985, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e nas disposicións que a desenvolven.

**ANEXO II**

Este título queda invalidado por falecemento do seu titular

**ANEXO III**

**(O mesmo modelo que teñen vixente as unidades)**

**ANEXO IV**

Don/ dona..... con DNI nº....., recibiu o seu título de (tipo de título)....., co número de Rexistro Nacional..... que lle foi entregado na oficina.....o día.....

(Sinatura do interesado/a)